

Xuño 2011

## Situación actual do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

*Hoxe en día, as traballadoras e os traballadores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar seguen sen acadar as condicións de traballo básicas que se reclaman e entenden necesarias para calquera traballador ou traballadora: dereito a un convenio que regule as súas relacións laborais e dereito a unha relación laboral fixa, regulada por unha convocatoria pública.*

Así as cousas, neste momento hai centos de traballadoras e traballadores que non teñen a posibilidade de acceder ao cobro da antigüidade, ou á negociación de incrementos salariais anuais, mais si a que se lles reduza o salario nun cinco por cento, por mor das restricións económicas que se lles aplican a todos os traballadores/as da Administración. É dicir, aplícanse as medidas máis negativas, mais non gozan de ningunha das vantaxes de quen traballa para a Administración pública.

No caso das traballadoras e os traballadores fixos non teñen recoñecido o dereito á mobilidade e, por tanto, a acceder a un posto de traballo noutra escola mediante concurso de traslados. As traballadoras e os traballadores non fixos acadaron a condición de indefinidos só despois de varias sentenzas xudiciais gañadas pola CIG e seguen aínda á espera de que se lles convoquen uns procesos selectivos que xa foran negociados no seu día, para poderen adquirir a condición de fixos.



Esta situación foi provocada polo actual goberno da Xunta de Galiza que se desentendeu da prestación duns servizos sociais públicos de calidade. O cambio de goberno na Xunta de Galiza significou para as traballadoras e os traballadores do Consorcio a parálise e a marcha atrás na negociación dos seus dereitos. O novo goberno, preocupado soamente de desmantelar todo o avanzado polo goberno anterior, abondou na campaña de desprestixio contra o Consorcio e o persoal ao seu servizo, mesmo despois de gañadas as eleccións. Esta situación de ataque injustificado ás traballadoras e aos traballadores e a negativa a sentarse a negociar e dar saída ás demandas laborais deu lugar a que a CIG convocase varias mobilizacións e folgas e levase aos tribunais despedimentos e contratos, recursos que gañamos e se recoñeceu o despe-

dimento improcedente de 61 traballadoras das oficinas de I+B e o carácter indefinido de todo o persoal non fixo ao servizo do Consorcio.

A CIG realizou tamén varios peches na sede do Consorcio en Compostela reclamando que se retomasen as negociacións e a día de hoxe ten solicitada de novo unha entrevista co Xerente do Consorcio.

### AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

De acordo con esa política de desmantelamento de todo o feito polo goberno anterior, a Consellaría de Traballo declarou que se disolvería o Consorcio e todo o seu persoal e os servizos que viña ofrecendo pasaban á Axencia Galega de Servizos Sociais. Mais este anuncio, que se realizou ao inicio da lexislatura, segue sen concre-

tarse dous anos despois. Aínda hoxe, a Secretaria Xeral de Traballo di que descoñece en que termos se realizará ese traslado, dicindo soamente que serán as escolas infantís as primeiras en entrar na axencia.

A Consellaría non aclara como se realizará ese traspaso, en que condicións, nin que repercusións terá para as traballadoras e os traballadores. A CIG ten solicitada unha entrevista coa Conselleira e mesmo co xerente do Consorcio para tratar este tema e todos os que son unha preocupación para as traballadoras e os traballadores.

### CONVENIO XA

No seu día, ante a carencia dun marco que regulase as relacións laborais, as organizacións sindicais maioritarias -a CIG (con maioría absoluta nos catro Comités de Empresa Provinciais) e a UGT-, logo do correspondente proceso de negociación na Mesa que se constituíu, chegaron a un acordo co Consorcio de Convenio Colectivo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar semellante ao Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta, que foi asinado polas partes, o 31 de marzo de 2009. Tal e como figura reflectido no mesmo, só quedaba pendente de ser aprobado polo Comité Directivo para a súa publicación e aplicación. Pois ben, o PP opúxose a ratificalo no Comité Directivo e o persoal do Consorcio segue sen ter recoñecidas cuestións básicas como a antigüidade e as condicións retributivas e laborais están moi lonxe da equiparación dos traballadores/as da Xunta de Galiza, aos que se lles aplica o Convenio Único. Ou teñen que xudicializar a reclamación dos seus dereitos, malia estaren recoñecidos no Estatutos dos Traballadores ou no Estatuto básico do emprego público.

A día de hoxe, a CIG entende que o que procede é que a todo o persoal do Consorcio se lle aplique o Convenio Único do persoal laboral da Xunta sen máis dilación, e así llo temos exixido,



tanto á Secretaria Xeral de Traballo como ao propio Xerente, e así se lle trasladou.

A CIG esixirá que todo o persoal pase a este convenio e que se apliquen xa todos os conceptos retributivos, suba salarial, antigüidade, xornada, etc.

### PROCESOS SELECTIVOS

O mesmo aconteceu neste punto, que foi obxecto de manipulación interesada durante a campaña electoral das autonómicas de 2009, sendo presentado dun xeito terxiversado e falseado ante a opinión pública.

De cara a unificar os criterios de selección para acceder aos postos de traballo do Consorcio e co obxectivo de consolidar aqueles aos que o persoal xa accedera por outro proceso selectivo anterior, as mesmas organizacións chegamos a un Acordo sobre a Redución da Temporalidade nos Postos de Traballo, correspondentes ás Convocatorias de Emprego do ano 2007, que foi asinado o 22 de decembro de 2009. Deste acordo xurdiron as bases que rexerían as convocatorias, así como os temarios correspondentes ás diferentes categorías para os procesos selectivos referidos ao persoal que figura no título do acordo, e que logo foron publicadas no D.O.G., poñéndose en marcha todo

o proceso: matriculación, listaxes provisionais e definitivas, nomeamento de tribunais, etc. Así como o compromiso de negociar no 2010 medidas similares de redución da temporalidade para outros postos de traballo correspondentes a outros Plans e Programas, fosen de duración limitada no tempo, experimentais e/ou suxeitos a financiamento comunitario.

O novo goberno mostrou, desde o comezo, as súas intencións de botar abaixo este proceso que foi amplamente consensuado. Finalmente, estes procesos foron suspendidos e desde entón aumenta día a día a taxa de temporalidade entre o persoal do Consorcio.

Este tema é outro exemplo paradigmático da falta de compromiso cos servizos públicos deste goberno, pois, despois de liquidar a convocatoria negociada coas organizacións sindicais no seu día, aínda hoxe segue sen convocar negociacións para fixar a convocatoria de acceso.

### LISTAXES DE CONTRATACIÓN E SUBSTITUCIÓN

A carencia duns criterios claros e uniformes para a xestión das listas está propiciando situacións totalmente dispares e irregularidades, ao aplicaren criterios diferentes en situacións simi-

lares. Isto produce non só unha sensación de incerteza entre o persoal, senón tamén de discriminación, segundo o resultado que teña para cada quen e pola arbitrariedade coa que se fai.

Desde a CIG, esiximos reiteradamente que a Comisión constituída para o seguimento das listas poida dispor dunha base legal que regule os criterios a aplicar. Entendemos que poden servir como referencia os que se aplican actualmente na Xunta de Galiza, co obxecto de equiparar as condicións laborais co persoal da Xunta.

Outra das cuestións que vimos esixindo é que esas listaxes sexan públicas para coñecemento dos afectados e afectadas, que se axilice o seu funcionamento e non se tarde tanto tempo en cubrir as baixas, que se marquen claramente os perfís das prazas a cubrir e os requisitos necesarios, que se cubran as substitucións en todas as categorías e que todas aquelas persoas que se presentaron a algún proceso selectivo, ademais de figurar na listaxe do centro no que se presentaron se incorporen de oficio á listaxe xeral.

A CIG esixe tamén apertura das listaxes para que se poidan anotar novas persoas, e contar así cun número suficiente para proceder ás substitucións.

### VACACIÓNS

Neste ano, as escolas recibiron unha circular de 4 de febreiro de 2011 e, de acordo con ela, elaboraron os calendarios de vacacións que tiñan que estar aprobados a 30 de abril. Porén o Consorcio, con criterios exclusivamente economicistas comezou comunicar en abril que non cubriría todas as vacantes que se producisen por vacacións e comezou a non aceptar os calendarios de vacacións, é dicir, a negar as propostas das escolas en base a unhas instrucións que están en contradición coa circular, pois mentres esta recolle que as traballadoras e os traballadores poderán gozar como mínimo de cinco días hábiles consecutivos de vacacións, nas instrucións recomentan que sexa como mínimo de quince días, e ao negarse a aceptar os calendarios tentan presionar para que non apliquen o recollido na circular.

Estas presións do Consorcio dificultaron o labor das escolas pois nalgúns casos non se lles explicaba por que non se aceptaban as vacacións e en moitas ocasións esas negativas a aceptar os calendarios propostos eran enviadas despois do 15 de abril e mesmo no mes de maio, cando o calendario tiña que

estar ultimado o día 30 de abril.

Cómpre sinalar que o Consorcio impúxolles ás escolas unhas instrucións, contraditorias coa circular, que el mesmo incumpriu, pois non en todos os casos comunicou antes do 10 de abril as modificacións que había que realizar nos calendarios.

Fronte a isto, a CIG-Ensino exixiu ao Consorcio a cobertura de todas as substitucións e aplicación da circular sen imposición de instrucións contraditorias co seu contido.

Respecto das vacacións, esixiremos que se faga extensivo a todo o persoal que non gozou a xornada de verán o dereito a dispor de 6 días máis de vacacións, como se fixo nalgúns casos.

### FORMACIÓN

Pídeselle ao persoal unha formación de 90 horas ao ano ligada ao cobro dun complemento salarial e non se está ofertando esa formación polo Consorcio. Desde a CIG, esiximos que se faga esa oferta descentralizada para que poidan ter esas horas todo o persoal. En todo caso, non se pode condicionar o cobro do complemento se o Consorcio non pode garantir ese requisito.

### CAMPAÑA DA CIG

Nesta situación de total desconsideración e desprezo da Consellaría de Traballo e Benestar e do Xerente con respecto ás reivindicacións dos traballadores/as do Consorcio, a CIG vai iniciar un calendario de mobilizacións iniciando:

- Asembleas informativas en todos os centros de traballo para informar da situación e valorar posibles mobilizacións.
- Recollida de sinaturas de apoio a unha táboa reivindicativa básica para todo o persoal.



# Asina

Os e as abaixo asinantes, traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, diante da situación actual de abandono ao que nos vemos sometidos, por parte do Consorcio e da Consellaría de Trballo e Benestar, no referente á nosa estabilidade, condicións laborais e salariais, esiximos:

1. Que se inicie un proceso negociador para aplicar todo o persoal do Consorcio no Convenio único de persoal laboral da Xunta de Galicia.
2. Que se resolvan todas as irregularidades que se están a dar na actualidade no que ten que ver coa xestión das listaxes, substitucións, cobertura das baixas, modalidades de contratos, falla de recursos materiais e humanos, despedimentos, oferta formativa insuficiente, etc
3. Que se mellore e se faga pública a xestión das listas de contratación e substitución, aplicando os criterios que se aplican para o resto do persoal da Xunta.
4. Que se atendan en tempo e forma as demandas das diferentes necesidades dos centros.
5. Que co obxecto de estabilizar os cadros de persoal é necesario negociar o acceso a condición de laboral fixo.

Nome e apelidos	D. I.	Sinatura

Remitir por fax á CIG-Ensino (981575839) ou entregar os orixinais nos nosos locais.